

Nos arquivos de Ching Tsai Loo

Cando a China decoraba Occidente

JOAQUIM VENTURA

Para facer a historia do comercio internacional, abundaría con escribir a historia mercantil do luxo. Desde o Neolítico, a posesión de obxectos prezados e exóticos foi o maior reclamo para superar as fronteiras de seu ou para abrilas aos forasteiros. Abonda con lembrar a Ruta do Ámbar que por Europa central comunicaba Escandinavia e o mar Báltico coa Italia romana, ou a Ruta da Seda desde o interior de Asia a Europa.

A caída de Constantinopla en 1453 a mans dos turcos permitiu que estes pasasen a dominar o Mediterráneo occidental en detrimento de Pisa e Venecia, que perderon os privilexiados contactos con Asia. Daquela abríronse as rutas marítimas cara este continente desde a Europa occidental: polo Atlántico sur e o leste cara ao Índico (que Portugal encetou) ou cara ao oeste (que liderou Castela).


Coa chegada da navegación a vapor e o colonialismo moderno, as potencias occidentais descubriron a China e quixeron impoñerlle condicións para un comercio desigual. As burguesías emerxentes de Occidente coñeceran, xa no século XVIII, a produción artística e manufactureira de Asia, as chamadas chinerías. Pero foi no século XIX cando os irmáns Goncourt promoveron a moda destes produtos, con extensión ás xaponerías, que non deixaban de ser un xénero de pacotilla (uns "todo a cen" avant la lettre).

Pero para os verdadeiros potentados europeos e, sobre todo, americanos non abondaba: devecían por obxectos verdadeiramente selectos e de calidade aínda que houbese que pagar forte por eles. E para satisfacer tal desexo apareceron diversos comerciantes, entre os cales cómpre salientar ao chinés Ching Tsai Loo, Lú Qhinzā en pinxín (1880-1957). Agora temos entre nós un relato da súa vida e mais das súas andanzas da man de Géraldine Lenain, que presenta *Monsieur*

*Os potentados
devecían
por obxectos
asiáticos
de calidade*



A Pagoda de Tsai Loo (París).



As chinerías: no fitar do desexo.



Ching Tsai Loo (1880-1957).

Loo. Historia de un marchante de arte chino (Editorial Alba), publicada en Francia hai dous anos. A autora é historiadora da arte e boa coñecedora da China, onde pasou parte da súa infancia; desde 2010 é subdirectora de Christie's en Xangai.

Todo comezou –como se tratase dunha película de intriga– cunha chamada

inesperada en 2006. Un neto de C. T. Loo descubrira, cincuenta anos despois da morte do seu avó, os seus arquivos persoal e comercial. Estaban agochados no soto da que foi a súa casa-pagoda na rue de Courcelles 48, en París. Tal achado, unha vez consultado ao longo de seis semanas, deu paso a unha entrevista coa única filla viva do marchante, quen puxo todas as facilidades a Lenain. Todo aquel material daba para unha biografía, realmente insólita.

*En París, Loo
destacou decote
polo seu dandismo
e elegancia*

Quen co tempo foi coñecido como C. T. Loo naceu nun clan que tiña as orixes no século X pero que veu a menos. Tras quedar orfo de mozo, pasou a traballar con Zhang Baoshan, un importante comerciante en sedas que amais tiña o monopolio local do sal e que, co tempo, casou a dúas das súas fillas nada menos que con Sun lat-sen e Chiang Kai-xek. Outro dos seus fillos, Zhang Renjie, foi nomeado agregado na embaixada da China en París e con el viaxou Loo á idade de 22 anos. Xa instalado na capital francesa, ben axiña destacou polo seu dandismo asiático: vestido de seda, trenza ao estilo manchú, maneiras educadas. Foi daquela cando pasou a ser coñecido como C. T. Loo.

Cando descubriu as preferencias dos franceses moiros, comezou unha vida comercial frenética, com-

prando barato e sen moitos escrúpulos na China e vendendo moi caro en París, primeiro, e en Nova York despois. Sempre sen esquecer os principais museos. Un relato que apaixonará ao lector e que lle permitirá coñecer, de maneira transversal, como eran os gustos dos potentados daquel tempo e como se movía o comercio do luxo nun mundo de guerras que xa comezaban a seren globais.